

Recomendación dirixida á Consellería de Política Social debido ao retraso na adxudicación dunha praza residencial

Expediente: G.6.Q/14268/17

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

Sr. conselleiro:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de ... relativo ao retraso na adxudicación dunha praza residencial.

ANTECEDENTES

1. Nesa queixa indicaba que é gardador de feito da súa nai, [REDACTED] O 19 de agosto de 2013 emítese resolución de recoñecemento da situación de dependencia, grao II con carácter permanente. O 30 de maio do 2013 e debido ó seu estado de saúde foi necesario o seu ingreso na residencia de maiores "...", centro no que permanece. O 10 de febreiro de 2014 recoñécéselle unha situación de dependencia en grao III, cunha puntuación global de 77,00 puntos. O 1 de marzo de 2014 se procede a súa inclusión no "Programa de Asignación de Recursos para o acceso a un servizo público 010601 Atención residencial". No momento actual non ten aforros dispoñibles, esgotáronse no pago mensual da praza que ocupa na residencia. Os fillos fanse cargo destes pagos, pero tampouco teñen aforros e soldo para poder manter esta situación, sinala.

2. Ante iso requirimos, como vostede coñece, información á Consellería de Política Social, que xa nola remitiu. Nela sinalase o seguinte: "... Con data 24.02.2010 achégase solicitude de recoñecemento de dependencia con resolución de grao I nivel 1 o 27.05.2010. En data 19.08.2013 recoñéceselle un grao II despois dunha solicitude de revisión. Con data 10.02.2014 recoñéceselle un grao III con 77 puntos de BVD, despois dunha nova solicitude de revisión de grao. Con data 11.03.2014 emítese por parte da Xefatura Territorial a resolución do Plan Individual de Atención, recoñecéndose a inclusión do Programa de Asignación de recursos (PAR) para o acceso ao Servizo 01601 de atención residencial con ámbito provincial. Con data 9.05.2016 e, despois de solicitude de revisión de PIA, emítese nova resolución de PIA por ampliación de ámbito de provincial a autonómico, permanecendo no PAR de residencia. A día de hoxe [REDACTED] ocupa o posto nº 69 no Programa de Asignación de Recursos (PAR), para calquera centro residencial da Comunidade Autónoma de Galicia. A xestión de listados do PAR e a asignación de praza pública realízase na Dirección

Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade. O acceso efectivo ao servizo das persoas demandantes a través do PAR prodúcese en función dos recursos dispoñibles, seguindo a orde de preferencia normativamente establecida, e que se indica na resolución:·O maior grao e nivel de dependencia.·A igual grao e nivel de dependencia, tense en conta a non percepción doutra prestación ou servizo do sistema para a autonomía e atención á dependencia.· No suposto de igualdade co criterio anterior, tense en conta a capacidade económica.·No suposto de igualdade en relación cos criterios anteriores, valórase a posible inexistencia de rede social de apoio. ·Se persiste a igualdade, valórase a idade do beneficiario.·Por último tense en conta a data de presentación da solicitude de valoración da dependencia. Tal e como se indica na resolución e, xa que transcorreran máis de tres meses sen que lle fora asignada unha praza, a persoa usuaria poderá: solicitar, se así o desexa, unha modificación do PIA para os efectos de obter unha libranza vinculada ao servizo privado no que está ingresado ou do contrario, seguir incorporado á espera do acceso a un servizo público ou,· se sufriu un empeoramento no seu estado de saúde, podería solicitar unha revisión do seu grao de dependencia, para que lle realicen unha nova valoración, posto que desde o 10.12.2014, data na que se lle resolveu unha situación de dependencia en grao III, cunha puntuación do BVD de 77 puntos, puideron variar as súas condicións. Desta maneira, se acadara unha puntuación máis elevada, disporá de máis opcións para acceder a unha praza residencial”.

ANÁLISE

1. Confírmose o expresado na queixa, isto é, que a persoa con dependencia e co grado máximo, o III, gran dependente, segue na lista de espera para recibir o servizo asignado no plan de coidados, unha praza residencial en calquera punto de Galicia (anteriormente demandábase praza na provincia, pero dende o 9.5.16 a súa solicitude é en toda a comunidade). Leva un tempo considerable nesa lista de espera (PAR), en concreto dende o 11.3.14 no ámbito provincial, e dende o 9.5.16 no autonómico (máis de 3 anos no primeiro e máis dun ano no segundo. Ademais, a consellería non indica as expectativas de cumprimento do PIA e unicamente sinala que o número na lista de espera é o 69. Isto sucede a pesar de que se trata dunha persoa con gran dependencia e que por tal razón ten preferencia na atención (art. 3 LD).
2. Neste caso as circunstancias expostas fan pensar que a espera prolongarase aínda por moito tempo, co que a prestación seguirá sen ter efectividade, a pesar de derivar dun dereito subxectivo previsto na lei.

A circunstancia indicada no informe (que despois e 3 meses no PAR sen que lle fora asignada a praza pode solicitar unha modificación do PIA para ter unha libranza vinculada ao servizo privado no que está ingresado) non desvirtúa a necesidade de facer efectivo o dereito

recoñecido, posto que o cambio do PIA, de acordo co establecido, é voluntario, como o mesmo informe resalta.

3. O feito de que unha persoa con gran dependencia e que reclama unha praza residencial a nivel autonómico se atope nesa posición na lista supón que, ademais do tratado en termos individuais, con carácter xeral (salvo explicación que non se da) as demandas das persoas con grados inferiores ou con circunstancias menos favorables non son atendidas en ningún suposto, salvo en casos de emerxencia.

4. A persoa que reclamou por esta forma de actuar demanda a preservación de intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que obriga aos poderes públicos a realizar unha política de prevención, tratamento, rehabilitación e integración das persoas con discapacidade física, psíquica e sensorial, ás que prestarán a atención especializada que requiran e ampararán especialmente para que gocen dos dereitos que este título (I) outorga a todos os cidadáns (art. 49). Como consecuencia do anterior, os poderes públicos, entre eles as administracións autonómica e local, teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental.

CONCLUSIÓNS

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facer chegar á Consellería de Política Social a seguinte recomendación:

Que con urxencia se dea efectividade ao servizo residencial recoñecido no PIA, posto que despois de moito tempo a afectada segue na lista de espera, a pesar de tratarse dunha gran dependente, que por esa causa debera ter preferencia.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

Ademais facémoslle saber que en aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo